

## **SALARIOS CONCERTADA 2023 PAS E BACHARELATO CANDO E CANTO?**

Seica se está a negociar.

Que se negocia? O mesmo que para o persoal en pago delegado; alguén esperaba outra cousa por parte deses sindicatos que se chaman a si mesmos de clase? De que clase? UGT e CCOO terán que dar a resposta, pero non de palabra, que xa o sabemos, deben respostar con feitos. E os feitos seguen sendo teimudos e non minten; o que está claro é que non saben o que significa o termo equidade.

Para o persoal docente piden o 1,5% adicional do ano 2022 e o 2,5% para o 2023, igual que para o pago delegado, o que significa que a diferenza salarial seguirá medrando entre persoas compañeiras que desenvolven o mesmo traballo. A mesma porcentaxe de aumento pero máis diferenza real na nómina.

Pero o peor é que solicitan esa mesma porcentaxe de subida para o persoal non docente, as persoas máis desfavorecidas; se ao final esa petición sae adiante engadirán máis persoas traballadoras neste ano 2023 ao grupo dos que xa cobraban por debaixo do SMI no ano 2022. E non esquezamos que as empresas teñen unha subida do 7,5% no apartado de "outros gastos" para este ano 2023, así que non hai desculpa posible.

***No ano 2022 as persoas que cobraban por debaixo do SMI eran as encadradas nas seguintes categorías:***

- ***Recepcionista, telefonista.***
- ***Auxiliar.***
- ***Garda, vixilante.***
- ***Empregado/a de servizo de limpeza, costura, lavado e plancha.***
- ***Empregado/a do servizo de comedor.***
- ***Empregado/a de mantemento, xardinería e oficios varios.***

***No ano 2023 engadiríanse:***

- ***Coidador/a.***
- ***Porteiro/a.***
- ***Axudante/a de cocina.***
- ***Oficial/a de 2ª de oficios.***

A información para todas e todos

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

<https://snepdeg Galicia.org>

CCOO di que vai pedir medidas para evitar a absorción da antigüidade.  
UGT di que vai pedir a renovación do Complemento temporal adicional (complemento que tampoco alcanzaba o SMI).  
Pois non, non é aceptable. O que hai que pedir é un SB que como mínimo respecte o SMI. Non se pode asinar ningún salario que quede por debaixo do SMI. Sería, de feito o é, inmoral, indecente. Para que se negocia co goberno este SMI se despois non se respecta asinando convenios que non o teñen en conta? Unha organización sindical ten que ir tamén contra as administración, esixirlles máis, non ir por detrás e facerlle oposición á baixa, que é o que está a suceder. Entenden UGT e CCOO que o SMI é demasiado alto?

**SNEP de G** esíxelles a UGT e a CCOO que demostren que son organizacións de clase, e sobre todo das clases máis desfavorecidas. Isto que SNEP de G está a denunciar públicamente non sucede só neste convenio, é habitual en case todos os convenios do ensino privado. Vergoñento. Moi vergoñento.

**NINGÚN SALARIO POR DEBAIXO DO SMI  
POLO EMPREGO,  
TRABALLO E DIGNIDADE**